



A MAXIA DO NADAL NO ÁLVARO CUNQUEIRO

- *A paciente M^a del Carmen Araujo, que leva 6 meses ingresada na UCI, foi levada polo persoal a ver a árbore de Nadal do hospital e a "tomar o aire" ao exterior do edificio*
- *A paciente, que foi baixada da UCI en cama e co respirador acompañada por un equipo de profesionais sanitarios, foi recibida pola súa familia*
- *Esta iniciativa, que partiu dos profesionais da UCI, enmárcase na estratexia de humanización das Unidades de Coidados Críticos*
- *Enlace ao vídeo: <https://www.instagram.com/p/C1MP3XosV3j/>*

Vigo, 2 de xaneiro de 2024. Vivíronse momentos moi emotivos e máxicos no Hospital Álvaro Cunqueiro.

A paciente da UCI, M^a del Carmen Araujo, que leva 6 meses ingresada na Unidade de Coidados Intensivos, foi levada polos profesionais da Unidade a ver a árbore de Nadal da entrada principal do hospital e a "tomar o aire", e ver e sentir a luz do sol ao exterior do edificio.



M^a del Carmen, de 66 anos e veciña de Vigo, está aqueixada do Síndrome de Guillain Barré. Tras adoptar todas as medidas e acompañada en todo momento por un equipo de



profesionais sanitarios, foi trasladada desde a UCI na súa cama e co seu respirador. Alí a estaba esperando a súa familia, o seu marido Miguel, a súa filla, neto e demais familia.

Esta iniciativa partiu dos propios profesionais do servizo de Medicina Intensiva, conmovidos polo tempo que esta paciente leva ingresada na UCI.

Enmárcase na estratexia de humanización que desde hai tempo vense desenvolvendo neste servizo para reconverter as Unidades de Coidados Críticos en lugares máis amables para todos, tanto para os usuarios como para os profesionais, tratando de priorizar as necesidades emocionais dos pacientes, as familias e incluso do persoal sanitario.

